

LIMIAR

Nos últimos anos produciuse no ámbito hispánico e románico en xeral un pulo nos estudos encamiñados a esclarecer as circunstancias que posibilitaron a introdución dos romances na escrita. Na área máis occidental da Romania este interese viuse reflectido na edición (ou reedición) de novos textos, e mais na análise das fontes medievais e das condicións políticas e culturais en torno á produción escrita. O Instituto da Lingua Galega (ILG) quere contribuír a esta liña de investigación con este volume, dedicado á emerxencia da lingua galega nos textos, tanto literarios coma documentais. En Galicia esta cuestión presenta uns interrogantes específicos, pois no noso país, carente dun poder político que fomentase o cultivo escrito, e cunha lingua máis próxima a unha órbita territorial na que non estaba incluído politicamente (Portugal), orixinouse unha literatura poética de xeito máis temperá ca nos outros ámbitos hispánicos, e despois, de maneira máis ou menos simultánea a eles, agromou a lingua nos textos documentais.

Para axudar a esclarecer estas cuestións, e tendo en conta o necesario enfoque multidisciplinar, convocamos unha serie de investigadores procedentes de áreas distintas á lingüística, como a historia, a paleografía e a historia da escritura. Dentro do ámbito da nosa disciplina, non nos cinximos ao espazo territorial galego, senón que se considerou unha perspectiva románica (máis demoradamente a peninsular, como é lóxico), e tamén a necesidade de contemplar a situación desde o punto de partida, o latín. O núcleo principal dos estudos lingüísticos dedicados ao galego está formado por investigadores do ILG. Recordaremos aquí que a atención que no ILG se lle dedica á lingua medieval non é nova, posto que, amais da perspectiva histórica atendida nas distintas seccións, hai dúas dedicadas exclusivamente a ela: unha dirixida por Ramón Lorenzo, que ten como principal obxectivo a edición

dos textos, e outra a cargo de Xavier Varela, do que é o máis visible produto o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILGA), que permite a consulta léxica a través de Internet dun gran número de textos da nosa Idade Media.

A ordenación do volume está concibida desde un punto de vista temático. En primeiro lugar, aténdese ao contexto histórico e cultural. Johannes Kabatek (Universität Tübingen) ten conta das circunstancias que, desde o renacemento do dereito que se deu en Boloña, favoreceron a escrita dos romances ao longo de toda Europa. Aínda que Santiago foi un dos centros importantes de recepción das novas correntes xurídicas en Galicia (as mesmas que en Europa favoreceran a elaboración das primeiras compilacións lexislativas en romance, como *Lo Codi*), a forte tradición da latinidade estaba moi arraigada nos principais centros de cultura (nomeadamente, as escolas catedralicias). Hai, nun segundo momento, noticias da romanidade, como demostran as glosas en galego que aparecen na versión castelá do *Fuero Real* transmitido no ms. 710 da Biblioteca Nacional.

Despois, a ollada céntrase en Galicia, considerando os aspectos máis estritamente históricos: Xosé Miguel Andrade Cernadas (Universidade de Santiago de Compostela, USC) explica as características históricas da sociedade galega do s. XIII: a decadencia da vella aristocracia, o auxe da vida urbana, a expansión nas áreas costeiras e, desde o punto de vista político, a frustración de Galicia como reino independente e o seu encadramento definitivo no Reino de León e Castela, ao tempo que se consolida o reino de Portugal. Fernando López Alsina (USC) centra a súa contribución na figura do *scriptor* (máis tarde notario) e a difusión do notariado en Galicia, e mais nas condicións da produción e conservación dos documentos (rexistros, tomos). Por último, dentro deste primeiro bloque, o profesor Fernández de Viana (Universidad de Granada) bosqueja os grandes ciclos da escritura e mailas súas características paleográficas, exemplificando con textos galegos os distintos tipos de letra. O ciclo gótico, desde a segunda metade do século XIII, coincide no tempo coa aparición do romance nos textos documentais. O autor remata pormenorizando a estrutura e modo de operar das chancelerías de León e Castela (unidas desde 1283), así como os seus principais protagonistas.

O segundo bloque, entre o latín e o romance, comeza cun traballo de José Antonio Puentes Romay (USC), quen trata da reforma carolin-

xía que quixo restituír o “auténtico” latín, sen contaminacións romances, e das distintas tendencias do uso do latín na documentación. Pola súa parte, a través da análise cronolóxica do léxico nos documentos latinos de Galicia, Xaime Varela Sieiro (IES Chano Piñeiro, Forcarei) testemuña dous niveis de latinidade: un maior distanciamento da norma clásica ata finais do XI, e, trala reforma de Cluny, unha maior asunción de formas propiamente latinas, en detrimento das romances. Completan esta sección Ricardo Gutiérrez e Alexandra Cabana, investigadores mozos do ILG, que realizan unha análise da introdución do romance nos textos notariais, póndoo en relación coa tipoloxía e a transmisión documental e a estrutura interna do documento.

En terceiro lugar, a perspectiva céntrase na escrita do romance dentro do contexto peninsular. De occidente a oriente, primeiro enfócase o que ocorre no reino portugués, no que atinxe á prosa documental. Ana M.^a Martins (Universidade de Lisboa) explora as manifestacións iniciais do portugués escrito, pondo de manifesto os dous estilos de escrita que translocen os textos: a conservadora, representada pola *noticia de torto* e herdeira máis continuísta dos hábitos gráficos latinos, e a innovadora, da que é mostra o testamento de Afonso II (1214). Esta última, emanada da chancelería rexía, demostra un proceso de selección entre as variantes gráficas e menos vestixios latinizantes, entre outras características, e acabaría impoñéndose á máis tradicional, como demostra o rápido triunfo da innovación que supuxo a introdución dos dígrafos <lh> e <nh> para as palatais, que se xeneralizaron en apenas cincuenta anos.

Sobre a necesaria relación da aparición da lingua no textos documentais e a literatura escribe José Carlos Ribeiro Miranda (Universidade do Porto). A análise da peripecia vital e da traxectoria política da primeira xeración de trobadores (previa a 1220) parece indicar que foi a conexión coa lírica occitana e o seu coñecemento directo o que propiciou a creación da nosa lírica, apoiada, esta primeira xeración, máis en grupos señoriais e feudais ca nas cortes rexias. E isto puido xerar, de rebote, a aparición do romance na prosa documental, como parece demostrar a presenza de poetas, como testemuñas ou protagonistas, nos primeiros textos notariais.

No territorio da coroa de Castela-León, Elena Rivas (USC) trata das políticas lingüísticas das chancelerías rexias, exemplificando co *Tratado de Cabberos*, feito en castelán nunha data moi temperá, en 1206. Trátase dun documento das mesmas características (documento rexio, asinado por Afonso IX) ca o considerado primeiro documento en galego, o foro de Castro Caldelas, un privilexio rodado de

1228, co que ademais comparte algunhas das testemuñas (vid. Monteagudo 2005 e no prelo).

Pola súa parte, Emilio Montero (USC) expón as distintas posicións dos investigadores diante do proceso que levou ao xurdimento das linguas romances na escrita e explica o impulso dos reis da coroa de Castela: o castelán empeza a aparecer con Afonso VIII, promóvese decididamente na de Fernando III (ao tempo que deixa de usarse o leonés en contextos oficiais), e xeneralízase, como é sabido, en tempos de Afonso X. Para o establecemento do *terminus a quo* cómpre ter en conta a moi distinta natureza dos textos considerados e a adscrición lingüística, pois hai diferentes perspectivas á hora de analizar, por exemplo, a *Nodiza de kesos*, encadrada no ámbito lingüístico astur-leonés, ou as *Glosas emilianenses*, dentro do aragonés. En todo caso hai que ter en conta a imprecisión dos límites lingüísticos naquela época, nidos se se pensa no hebreo ou no árabe, pero non se se toman de referencia os romances, ou mesmo estes co seu teito lingüístico, o latín. O anacronismo de vulgar desde hoxe o panorama lingüístico daquela é semellante ao de estimar a expresión *castellano drecho* de Afonso X como equivalente a un castelán normativo e uniforme.

Tras esta contextualización peninsular, o seguinte bloque céntrase na emerxencia do romance escrito en Galicia. No primeiro dos traballos que encabeza esta sección, Henrique Monteagudo (ILG) realiza unha síntese dos factores políticos, escriptográficos e sociolingüísticos desencadeantes en Galicia do proceso de emerxencia do romance na escrita documental, así como a conexión galega coa produción da lírica nos primeiros tempos.

Despois aténdense a aspectos máis particulares: Ramón Lorenzo (ILG) edita dezaseis textos notariais dos máis antigos en romance e analízaos lingüisticamente. Deste estudo, amais dos datos concretos do seu minucioso exame e do modélico da súa proposta de edición dos textos medievais, infírese a necesidade de facer seguimentos individuais dos notarios, pois neste caso, os documentos asinados polo mesmo notario foron executados por sete mans diferentes. A análise destes factores ligados á produción do documento axuda a valorar a significación das variabilidade gráfica da época, tendo en conta ademais circunstancias como as variantes atopadas en dúas cartas partidas por a,b,c, escritas pola mesma man e en momentos inmediatos.

Rosario Álvarez (ILG) enfoca a atención na variación dialectal nesta época, advertindo sobre os problemas metodolóxicos que ten esta perspectiva: por exemplo, nos textos líricos medievais, se ben non reflecten unha lingua tan unificada como ás veces se pretende, a

diversidade é difícil de adscribir, xa que hai trazos lingüísticos que se poden deber aos compiladores ou obedecer a factores cronolóxicos ou diatópicos. Por outro lado, malia en principio os textos notariais estaren localizados, a data tópica non sempre corresponde coas características lingüísticas da área ou do escriba, pois aínda que o habitual era os notarios pertenceren á contorna onde exercían, podía non ser así, e por tanto existir influencias lingüísticas diversas. Por último, hai que ter en conta as cuestións referentes ao tipo de texto (dado que en certos estilos non emerxen determinadas variantes) e a transmisión textual.

Os textos da fronteira oriental, e a borrosidade ou difusividade que presentan, foron examinados por Raquel Rodríguez Parada (ILG). Nesta zona localízanse algúns dos máis antigos (o que parece incidir na idea de que a innovación da escrita en romance se difunde desde esta dirección), que presentan unhas características lingüísticas propias, por ser zona de especial confluencia de isoglosas entre os romances. Non se trata, logo, de textos “deturpados” ou “contaminados”, senón dunha situación que reflicte as diversas solucións que se daban nese territorio. Pola súa parte, Luz Méndez (ILG), que analiza as características do *Tombo das viñas de Ribadavia*, outro texto fronteirizo, pon de relevo as dificultades para a súa datación (en todo caso, no primeiro terzo do século XIII) e propón unhas pautas metodolóxicas que posibiliten tirar informacións de onde non parece haber máis ca baleiro, posto que á dificultade de datación engade a complexidade lingüística, xa que os trazos suxiren que debeu ser redactado en Ribadavia por un escriba non galego (quizais leonés).

As circunstancias que levan consigo a aparición da prosa escrita en galego son obxecto de estudo de Santiago López Martínez-Morás (USC), quen describe os ciclos principais da prosa literaria, que na súa maior parte procede de traducións: a materia artúrica e a de Troia a través do francés ou do castelán, e a produción historiográfica da correspondente castelá ou latina. A produción propia sería máis tardía o que, por outra parte, é o natural noutras linguas do noso contorno cultural (en Francia as primeiras producións prosísticas son de finais do XIII). De todas formas, é moi probable que houbese máis textos, hoxe desaparecidos, especialmente homiléticos e épicos.

Se antes se analizou a produción lírica en relación coa súa aparición, outras achegas estudan aspectos específicos do cancionero máis antigo, o da Ajuda: Alexandre Rodríguez Guerra (ILG) e Xavier Varela (ILG) fan unha análise moi detallada das grañas e Marisol López (ILG) e Eduardo Moscoso (ILG) céntranse na morfoloxía. Púxose de relevo, por unha parte, a forte homoxeneización gráfica (sobre

todo en comparación cos textos notariais), comprensible por tratarse dun texto compilado, e, por tanto, cunha vontade certa de regularización, e, por outra, a existencia de diversidade morfolóxica, que pode ofrecer indicios sobre, por exemplo, a orixe dos autores ou dos compiladores. Cómpren máis investigacións sobre outros aspectos lingüísticos, que probablemente axudarán a despegar algúns dos misterios que o máis antigo dos nosos cancioneros presenta (autoría, localización xeográfica, mecenado, etc.). Tamén ten como base a lírica medieval a análise da antroponimia que realiza Déborah González (USC), quen subliña as dificultades metodolóxicas derivadas dun corpus que procede exclusivamente de copias. A diferenza no tratamento da antroponimia nos textos documentais pona de manifesto o estudo de Ana Boullón (ILG), que parte dos textos escritos en latín ata os primeiros escritos en romance: o uso dos procedementos sufixais latinizantes está na mesma sintonía cá relatinización experimentada despois do séc. XI á que se refería previamente Xaime Varela, e é unha tendencia que convive coa progresión imparable do romanacemento dos nomes propios.

Cómpre poñer de relevo que este volume, amais de contribuír ao esclarecemento das cuestións tratadas, quere tamén ser unha invitación a seguir traballando nesas direccións. Os especialistas aos que se lles encargaron os traballos tiveron a ocasión de expolos e debatelos no marco dun simposio que tivo lugar en 2005, que así mesmo tiña como finalidade servir de estímulo para a formación de futuros investigadores. As lecturas públicas víronse enriquecidas coa celebración de debates posteriores e as contribucións dos asistentes. Nelas púxose de manifesto, de maneira máis ou menos implícita, a necesidade de afondar nas liñas de traballo propostas e nas que foron xurdindo a raíz do desenvolvemento das exposicións.

Desde o ILG quérese agradecer as contribucións económicas dos organismos que posibilitaron a realización do simposio: a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Ministerio de Educación y Ciencia, o Vicerreitorado de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela, e tamén a acollida xenerosa da Facultade de Filoloxía. E por suposto, o Consello da Cultura Galega, que vén patrocinando esta Serie Lingüística desde os seus inicios, e que permite a súa distribución tanto en formato libro coma en edición electrónica gratuíta (<http://www.conse->

llocadultura.org). Como editora e membro do comité organizador do simposio, quero agradecer a axuda prestada polos compañeiros do Instituto da Lingua Galega, nomeadamente o alento constante da nosa directora, Rosario Álvarez, e a eficaz contribución aos aspectos organizativos realizada por Raquel Rodríguez Parada e Ricardo Gutiérrez Pichel.

A concepción unitaria deste volume implica unha agrupación bibliográfica que se presenta ao final. Isto supón na práctica, amais da comodidade da consulta e a eliminación de referencias repetidas, a compilación dunha serie de referencias que resultan básicas para o estudo do nacemento da escrita medieval en Galicia (e, en menor medida, dos sucesivos ámbitos xeográficos e culturais), con inclusión das fontes fundamentais utilizadas, tanto literarias coma documentais (presentadas de maneira conxunta en Tato / Boullón 2004), de utilidade non só para a perspectiva lingüística, senón tamén, obviamente, para a literaria, histórica, paleográfica, etc. Para esta ardua tarefa unificadora é de xustiza recoñecer o paciente e meticuloso labor de Silvia Viso.

Para rematar, quero especificar a procedencia do título que dá nome a este libro. Un dos parámetros que, desde a sociolingüística, Le Page e Tabouret-Keller determinaron para a identificación de grupos e linguas previamente non recoñecidos foi a denominación da produción lingüística de cada grupo aplicada ao lugar de procedencia xeográfica. O reconto das aplicadas ao galego (*romance, lingua galega, lingua galega...*) teno feito Monteagudo (1999), e de aí tiramos este sintagma, que procede do regulamento do gremio compostelán dos Cambeadores redactado en 1490 e exhumado por José Villaamil en 1907; nel dise:

“que njnguun confrade da dita confradía quando se uer a canbear non posa falar njnguna lenguaje estranjera aynda que a sabea, saluo *nosa lyngoage galega*, ou Castellana”.

É a primeira disposición que regula o uso institucional do galego e o castelán, pero non a máis antiga das que nomean a nosa lingua, pois esta pertence a un autor catalán, Jofre de Foixà, que redactou, arredor de 1290, un tratado de poética trobadoresca na corte de Sicilia. Son todos indicios que, desde fóra primeiro, e despois tamén desde dentro, indican a identificación dun grupo lingüístico que foi asentando a súa especificidade desde os albores da Idade Media.